

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 3 DE ABRIL DE 2020,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Gondomar de dous treitos antigos, de 110 e 60 metros lineais, da estrada provincial EP-2102, Nigrán-Vincios.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se autoriza a prórroga do contrato de xestión de servizo público para a explotación da estación depuradora de augas residuais de Arcade-Soutomaio (Pontevedra), de clave: OH.336.598XSP, por importe de setecentos sesenta mil seiscentos tres euros con corenta e seis céntimos (760.603,46 €), IVE incluído.
- Acordo polo que se autoriza a prórroga do contrato de xestión de servizo público para a explotación da estación depuradora de augas residuais de Nigrán (Pontevedra), de clave: OH.336.596XSP, por importe dun millón oitocentos dous mil oitocentos dezasete euros con vinte e seis céntimos (1.802.817,26 €) IVE incluído.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se autoriza á Consellería de Política Social a adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual na Orde pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social para a promoción de actuacións de servizos sociais comunitarios e inclusión social e se procede a súa convocatoria para os anos 2020, 2021 e 2022 (cofinanciada parcialmente polo Fondo Social Europeo e polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco dos Programas Operativos FSE Galicia 2014-2020 e FEDER Galicia 2014-2020). Total: dezaoto millóns trescentos doce mil cento corenta euros (18.312.140,00 €).



INFORMES

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre prestación de atención psicolóxica á poboación a través do 112 con motivo do COVID-19.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Informe sobre as medidas extraordinarias en materia de vivenda e solo empresarial de Xestur Galicia con relación ao COVID-19.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre as liñas de apoio para o financiamento da cadea de subministración de produtos do mar.
- Informe sobre as consecuencias que ten para Galicia a decisión do Goberno central de non transferirle os fondos para políticas activas de emprego vencellados á formación.
- Informe sobre a creación do comité de expertos que deseñará as medidas para a recuperación da economía galega tras o COVID-19.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a contratación polo trámite de emerxencia de diversos materiais de protección destinados a profesionais e doentes e test de detección de virus, para facer fronte á pandemia do COVID-19, por importe de cinco millóns cento cincuenta e dous mil trescentos cincuenta e un euros con sesenta e catro céntimos (5.152.351,64 €).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Informe sobre a repercusión para as familias da suspensión da actividade das escolas infantís 0-3 de titularidade autonómica ou sostidas con fondos públicos na situación de emerxencia de saúde pública ocasionada polo COVID-19.
- Informe sobre o reforzo temporal do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) para a atención urxente derivada da situación de emerxencia sanitaria e o estado de alerta causada polo COVID-19.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DE GONDOMAR DE DOUS TREITOS DA ESTRADA PROVINCIAL NIGRÁN-VINCIOS

- *A Administración autonómica facilita así a materialización do acordo entre o Concello de Gondomar e a Deputación de Pontevedra*
- *Co cambio de titularidade aprobado hoxe pola Xunta, o Concello terá a competencia para actuar nestas vías e asume a súa conservación*
- *O decreto producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se autoriza o cambio de titularidade a prol do Concello de Gondomar de dous treitos antigos da estrada provincial Nigrán-Vincios.

O Concello de Gondomar e a Deputación de Pontevedra asinaron un convenio para levar a cabo as obras de humanización da interconexión das rúas San Bieito e Emigrante coas estradas de Peitieiros e Chaín-Morgadáns. Este acordo recollía que ao rematar os traballos, a Administración local debía solicitar a transferencia destas vías.

Unha vez que o Pleno da corporación provincial aprobou a proposta de cambio de titularidade, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade autoriza a transferencia do treito de 110 metros que comeza no punto quilométrico 7 + 190 e do de 60 metros que remata no 7 + 540.

Estes treitos presentan unhas características funcionais e de utilidade asimilables ao viario municipal de tipo urbano e facilitan o acceso a fincas e edificacións lindeiras.

A transferencia a prol do Concello tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, a proposta da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade como competente en materia de estradas e logo do acordo entre as administracións implicadas.

Co cambio de titularidade aprobado hoxe polo Executivo autonómico, o concello pontevedrés terá a competencia para actuar nestas vías e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia (DOG).



O CONSELLO DA XUNTA APROBA O INVESTIMENTO DE MÁIS DE 760.000 EUROS PARA MANTER ACTIVA A COLABORACIÓN CO CONCELLO DE SOUTOMAIOR NA XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DA DEPURADORA DE ARCADE

- *O Goberno galego mantén o apoio a esta entidade local nas súas competencias, garantindo o funcionamento desta instalación durante os dous vindeiros anos, tras destinar desde 2005 un orzamento de máis de 4 millóns de euros*
- *Coa autorización de hoxe, o Executivo autonómico continuará asumindo o funcionamento desta instalación, deseñada cunha capacidade de depuración para unha poboación de 8.621 habitantes*
- *A prestación dos servizos de saneamento e abastecemento é unha responsabilidade municipal, pero a Xunta proporciona o seu apoio técnico e financeiro aos concellos que o precisen*
- *Na actualidade o organismo hidráulico presta o servizo de depuración en 29 destas instalacións municipais*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o investimento de máis de 760.000 euros para dar continuidade á cooperación co Concello de Soutomaior na xestión e explotación da estación depuradora de augas residuais de Arcade.

Con este acordo, o Executivo autonómico mantén o seu apoio ás entidades locais nas súas competencias de saneamento e abastecemento, e autoriza á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade á prorroga do servizo que garante o funcionamento da depuradora municipal.

O Concello de Soutomaior ten cedido á Xunta, a través de Augas de Galicia, o servizo de mantemento da estación depuración neste municipio pontevedrés. Prestación que vén prestando dende o ano 2005 mediante un contrato de explotación da depuradora no que o Goberno galego leva investido un orzamento de máis de 4 millóns de euros.

Coa autorización de hoxe, a Xunta renova esta concesión para os vindeiros 24 meses, estendéndoa concretamente ata o 30 de maio de 2022.

A depuradora de Arcade está deseñada para o tratamento dun caudal medio de 2.592m³/día e unha capacidade de depuración estimada para unha poboación de 8.621 habitantes equivalentes.

A prestación dos servizos de saneamento e abastecemento é unha responsabilidade de carácter municipal. Non obstante, a Xunta de Galicia vén proporcionando o seu apoio técnico e financeiro aos concellos que o precisen.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Na actualidade o organismo hidráulico da Xunta encárgase de prestar estes servizos de depuración en 29 estacións depuradoras de augas residuais.

A cooperación da Xunta co Concello de Soutomaior permite a mellora da calidade de vida das poboacións asentadas entorno ás rías, o aumento da competitividade económica e o fomento do turismo, así como a mellora da produtividade no sector marisqueiro.

A explotación e mantemento das infraestruturas hidráulicas teñen como obxectivos garantir a correcta depuración das augas residuais e ofrecer uns servizos que respondan ás necesidades reais da poboación.

Estas tarefas comprenden as accións necesarias para o funcionamento axeitado das instalacións de forma ininterrompida co fin de acadar uns índices de depuración que cumpran os límites establecidos na normativa de aplicación.

Os traballos inclúen a retirada nas debidas condicións hixiénicas, o transporte e a vertedura de graxas, areas e residuos das reixas e tamicas, o desecado dos lodos producidos e a conservación en bo estado da totalidade dos elementos, instalacións e equipos da planta.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O INVESTIMENTO DE MÁIS DE 1,8 MILLÓNS DE EUROS PARA DAR CONTINUIDADE Á COOPERACIÓN CO CONCELLO DE NIGRÁN NA XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DA DEPURADORA MUNICIPAL

- *O Goberno galego mantén o apoio a esta entidade local nas súas competencias, garantindo o funcionamento desta instalación durante os dous vindeiros anos, tras destinar desde 2005 un orzamento de máis de 8 millóns de euros*
- *Coa autorización de hoxe, o Executivo autonómico continuará asumindo a conservación desta instalación, deseñada cunha capacidade de depuración para unha poboación de 70.000 habitantes*
- *A prestación dos servizos de saneamento e abastecemento é unha responsabilidade municipal, pero a Xunta proporciona o seu apoio técnico e financeiro aos concellos que o precisen*
- *Na actualidade o organismo hidráulico presta o servizo de depuración en 29 destas instalacións municipais*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o investimento de máis de 1,8 millóns de euros para dar continuidade á cooperación co Concello de Nigrán na xestión e explotación da estación depuradora de augas residuais municipal.

Con este acordo, o Executivo autonómico mantén o seu apoio ás entidades locais nas súas competencias de saneamento e abastecemento, e autoriza á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade á prorroga do servizo que garante o funcionamento da depuradora municipal.

O Concello de Nigrán cedeu á Xunta, a través de Augas de Galicia, o servizo de mantemento da estación depuración neste municipio pontevedrés. Prestación que vén prestando dende o ano 2005 mediante un contrato de explotación da depuradora no que o Goberno galego leva investido un orzamento de máis de 8 millóns de euros.

Coa autorización de hoxe, a Xunta renova esta concesión para os vindeiros 24 meses, estendéndoa concretamente ata o 30 de maio de 2022.

A depuradora de Nigrán está deseñada para o tratamento dun caudal medio de 19.600m³/día e unha capacidade de depuración estimada para unha poboación de 70.000 habitantes equivalentes.

A prestación dos servizos de saneamento e abastecemento é unha responsabilidade de carácter municipal. Non obstante, a Xunta de Galicia vén proporcionando o seu apoio técnico e financeiro aos concellos que o precisen.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Na actualidade o organismo hidráulico da Xunta encárgase de prestar estes servizos de depuración en 29 estacións depuradoras de augas residuais.

A cooperación da Xunta co Concello de Nigrán permite a mellora da calidade de vida da poboación asentada entorno ás rías, o aumento da competitividade económica e o fomento do turismo, así como a mellora da produtividade no sector marisqueiro.

A explotación e mantemento das infraestruturas hidráulicas teñen como obxectivos garantir a correcta depuración das augas residuais e ofrecer uns servizos que respondan ás necesidades reais da poboación.

Estas tarefas comprenden as accións necesarias para o funcionamento axeitado das instalacións de forma ininterrompida co fin de acadar uns índices de depuración que cumpran os límites establecidos na normativa de aplicación.

Os traballos inclúen a retirada nas debidas condicións hixiénicas, o transporte e a vertedura de graxas, areas e residuos das reixas e tamices, o desecado dos lodos producidos e a conservación en bo estado da totalidade dos elementos, instalacións e equipos da planta.

A XUNTA INCREMENTA A ORDE DE AXUDAS A ENTIDADES DE INCLUSIÓN SOCIAL ATA SUPERAR OS 18 MILLÓNS DE EUROS, QUE BENEFICIARÁN A 120.000 PERSOAS AO ANO, UN 33% MÁIS QUE NA ANTERIOR

- *Financiaranse os gastos de funcionamento de centros de inclusión e emerxencia, actuacións que complementen os servizos sociais básicos, servizos de formación adaptada e intervencións de inclusión sociolaboral, entre outros aspectos*
- *O maior importe desta orde tamén contribuirá a dar unha mellor resposta ás consecuencias que a pandemia do COVID-19 ten nos colectivos máis vulnerables, como son as persoas sen fogar, en risco de exclusión ou inmigrantes*

O Consello da Xunta vén de dar luz verde á orde de subvencións para entidades de inclusión social de maior contía na historia da comunidade: 18,3 millóns de euros que se poñen a disposición do tecido asociativo de Galicia para desenvolver actividades nos vindeiros dous anos dirixidas ás persoas e familias en situación ou risco de exclusión entre 2020 e 2022. Este orzamento supón un incremento do 22% con respecto á última convocatoria, a de 2018-2020. Trátase da sétima vez consecutiva que se aumenta o crédito desta orde de axudas, que está cofinanciada polo Fondo Social Europeo (FSE) e o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER).

Na última convocatoria esta orde de subvencións financiou 879 proxectos e estímase que a través desta nova orde se financien 1050 proxectos máis dos que se beneficiarán 120.000 persoas ao ano, un 33% máis que na orde anterior.

A través desta liña de subvencións as entidades poderán cubrir gastos de funcionamento dos centros de inclusión e emerxencia social, así como actuacións singulares que complementen os servizos sociais básicos. Estas achegas tamén se poden destinar ao financiamento de servizos de formación adaptada; intervencións en zonas de exclusión e apoio á inclusión sociolaboral; actuacións de inclusión da poboación inmigrante e investimentos en centros de inclusión e emerxencia social.

O reforzo desta orde de axudas contribuirá e axudará tamén a paliar as consecuencias que está a ter a pandemia do COVID-19 nos colectivos máis desprotexidos, como son as persoas sen fogar, en risco de exclusión ou inmigrantes. E, ademais, minimizar as súas consecuencias no futuro próximo.

Esta medida súmase ao Plan Social de Continxencia xa aprobado polo Consello da Xunta para dar resposta ás consecuencias que ten a emerxencia sanitaria provocada polo coronavirus nos segmentos de poboación máis vulnerables.

A XUNTA OFRECERÁ ATENCIÓN PSICOLÓXICA Á POBOACIÓN NO TELÉFONO 112 EN COLABORACIÓN CO COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA

- *O servizo, que funcionará as 24 horas, estará atendido polos profesionais do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE)*
- *Prestarán apoio ás persoas que estean sufrindo consecuencias psicolóxicas debido á emerxencia sanitaria do coronavirus*

A Xunta ofrecerá atención psicolóxica á poboación para atender ás consecuencias psicolóxicas da emerxencia sanitaria creada polo coronavirus. O servizo prestarase a través do teléfono das emerxencias 112 coa colaboración co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia. Funcionará as 24 horas do día e estará atendido polos profesionais do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE).

Este novo operativo, que foi coñecido hoxe polo Consello da Xunta, estará dirixido á poboación en xeral, con especial atención ás persoas máis vulnerables. O obxectivo desta iniciativa é axudar a paliar as consecuencias psicolóxicas que se poidan derivar das restricións do estado de alarma e da emerxencia sanitaria causada polo coronavirus.

A actual situación e a súa prolongación no tempo está a provocar entre a poboación unha sintomatoloxía de altos niveis de estrés e ansiedade, sensación de indefensión, perda de hábitos cotiás e alteración no estado de ánimo.

Nas circunstancias actuais, están presentes diversos factores específicos que poden aumentar a vulnerabilidade, tanto da poboación en xeral como dos grupos de risco. Así, por exemplo, a propia situación de confinamento implica diversas consecuencias como a alteración de rutinas, interrupción das redes de apoio, afectación laboral ou a necesidade de coidado de persoas dependentes de forma máis intensa. A soidade é tamén outro dos factores de risco, especialmente entre as persoas da terceira idade que teñen menor dominio das novas tecnoloxías e, consecuentemente, menos oportunidade de poñerse en contacto cos seus familiares.

Outros aspectos que aumentan a vulnerabilidade son o medo ao contaxio da enfermidade entre a poboación e a alteración do proceso de dó, xa que, debido ás medidas do estado de alarma, non se permite facer un ritual de despedida dos seres queridos como se realizaba ata agora e tampouco se pode acompañar en moitas ocasións a familiares ingresados ou que están padecendo a enfermidade.

Ademais, tamén cómpre ter en conta que a atención á saúde mental viuse afectada polas restricións vixentes, e actualmente a atención presencial está limitada só a situacións de emerxencia, o que supón unha dificultade engadida para as persoas que xa estaban en tratamento previo á epidemia.

Protocolo de atención

O 112 recibirá a chamada do solicitante de atención psicolóxica, e procederá a derivala a algúns dos profesionais do Colexio Oficial de Psicoloxía. O profesional atenderá a chamada, e realizará unha intervención telefónica. Durante esa intervención, valorará a necesidade de derivación a outro servizo ou profesional ou de realizar un seguimento posterior.

A XUNTA SUSPENDE O COBRO DOS ALUGUEIROS DE ABRIL DE 64 VIVIENDAS PROPIEDAD DE XESTUR E AS COTAS POLO SOLO EMPRESARIAL ADXUDICADO EN RÉXIME DE ALUGUEIRO OU EN DEREITO DE SUPERFICIE

- *Con esta decisión, que se suma ás xa adoptadas polo Instituto Galego da Vivenda e Solo, 4.300 familias beneficiaranse dalgunha das medidas extraordinarias anunciadas polo Executivo autonómico en materia residencial*
- *No informe que coñeceu hoxe o Consello tamén se recolle a suspensión dos cobros a empresas adxudicatarias de parcelas do IGVS e de Xestur*

A empresa pública Xestur non pasará para cobro domiciliado nin esixirá o pagamento inmediato dos recibos do mes de abril correspondentes ao alugueiro das vivendas da súa titularidade. Son, en total, 64 inmobles coa seguinte distribución: 12 na cidade de Ferrol; 7 en Ortigueira; e 45 na Coruña. Desta maneira e en resposta ao actual estado de alarma, Xestur aplicará as mesmas medidas en materia residencial que o Instituto Galego da Vivenda e Solo, que acordou deixar en suspenso a partir de abril os recibos das 3.500 vivendas de promoción pública que ten en alugueiro e de 42 locais comerciais da súa propiedade.

Así se recolle nun informe presentado esta mañá ante o Consello da Xunta e que reflicte o esforzo que está a realizar o Executivo autonómico para a adopción, no eido das súas competencias, de distintas medidas en materia de vivenda co fin de facilitar a cobertura das necesidades residenciais básicas daqueles colectivos máis vulnerables e que, por tanto, poden verse moi afectados pola crise sanitaria do coronavirus.

Neste sentido, cómpre lembrar que a semana pasada a Xunta tamén tomou a decisión de que os 700 beneficiarios actuais do bono de alugueiro social non teñan que pagar nada en concepto de renda mentres dure o actual estado de alarma, correndo por conta da Xunta tanto a subvención habitual como a parte do alugueiro que, en circunstancias normais, lle correspondería pagar aos beneficiarios do bono.

Con esta última decisión relativa á suspensión do cobro dos recibos correspondentes a vivendas alugadas por Xestur, son xa unhas 4.300 as familias galegas que se poden beneficiar das medidas extraordinarias en materia de vivenda adoptadas pola Xunta no marco da loita contra o COVID-19.

Por outra parte e co fin de paliar a situación actual pola que están a atravesar moitas empresas, o Consello da Xunta foi informado tamén hoxe de que non se pasarán ao cobro as cotas correspondentes ao mes de abril daquelas parcelas propiedade do Instituto Galego da Vivenda e Solo e de Xestión do Solo de Galicia (Xestur, S.A.) adxudicadas en réxime de alugueiro ou en dereito de superficie.



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 2021

galicia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

A medida afecta a preto de 56.000 metros cadrados de solo empresarial adxudicado polo IGVS e pola empresa pública Xestur.



A XUNTA REFORZA AS ACHEGAS PARA FAVORECER A LIQUIDEZ DO SECTOR MARÍTIMO-PESQUEIRO ANTE O COVID-19

- *O Consello da Xunta activa unha ferramenta que favorece a disposición de solucións financeiras para a industria do mar, unificando o acceso a todas as axudas e canalizando a atención sobre a tramitación*
- *As empresas marítimo-pesqueiras poderán garantir o financiamento do tráfico comercial mediante préstamos avalados polo Igape para o adianto de facturas, xestión do pagamento das compras ou pólizas de comercio exterior*
- *A industria da pesca tamén se poderá beneficiar da nova liña de apoios, dotada de 30 M€, dirixida a inxectar liquidez inmediata a pemes e autónomos e coa que cubrirán as necesidades máis inmediatas, como o pago de salarios, facturas, alugueiros e impostos*
- *Para completar o mapa de apoios ao resto do tecido empresarial marítimo-pesqueiro, a Administración autonómica tamén pon a disposición de grandes empresas a concesión de avais para que poidan optar a créditos a medio e longo prazo coas entidades financeiras*

O Consello da Xunta avanzou hoxe nunha nova iniciativa destinada a facilitar a liquidez que precisan as empresas do sector marítimo-pesqueiro galego para poder facer fronte aos efectos do coronavirus. A medida activada facilita a disposición de solucións financeiras para a industria do mar, e unifica o acceso a todas as axudas xa en funcionamento. Deste xeito, trátase de garantir o financiamento que precisan para o pago de facturas e os seus gastos de funcionamento, ao tempo que se concede crédito para dar viabilidade ás empresas do sector.

Despois de analizar a situación que atravesamos a industria de subministración de produtos do mar, a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a petición da Consellería do Mar, habilita unha iniciativa coa que as empresas marítimo-pesqueiras poderán garantir o financiamento do tráfico comercial na cadea de abastecemento mediante préstamos avalados polo Igape para o adianto de facturas, xestión do pagamento das compras ou pólizas de comercio exterior. Tamén se favorecerá a posibilidade de financiar investimentos en materia de produción.

Esta iniciativa súmase ás liñas de axuda que xa están activas e que foron aprobadas no Consello da Xunta da semana pasada: 30 millóns de euros para que pemes e autónomos poidan mobilizar 250 millóns de euros en préstamos, contribuíndo así a paliar os efectos do coronavirus no tecido empresarial galego.

Esta liña de financiamento para autónomos e pemes cubrirá operacións de entre 3.000 e 200.000 euros. Os beneficiarios terán ata catro anos para amortizar estes préstamos, incluíndo un ano de carencia, e a Xunta farase cargo dos xuros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Con esta inxección de liquidez, as empresas e o colectivo de autónomos poderán atender as súas necesidades máis inmediatas, os gastos do día a día, como o pagamento de salarios, facturas, alugueres ou impostos. De feito, a nova liña ofrece mellores condicións porque reduce o custo da operación a través da bonificación do cen por cento dos xuros por parte da Xunta de Galicia.

Para atender a todo o tecido que conforman a industria marítimo-pesqueira, a Administración autonómica, a través do Igape, tamén conta cunha liña de avais para que grandes empresas poidan optar a créditos a medio e longo prazo coas entidades financeiras.



MÁIS DE 34.000 GALEGOS QUEDARÁN SEN PARTICIPAR NOS PROGRAMAS DE FORMACIÓN IMPULSADOS POLA XUNTA TRAS A DECISIÓN DO ESTADO DE NON TRANSFERIR Á COMUNIDADE OS 100 M€ QUE LLE CORRESPONDEN

- *O Consello da Xunta avaliou hoxe as consecuencias que esta decisión do Goberno central vai ter nas políticas activas de emprego e na necesaria recuperación do mercado laboral tras o COVID-19*
- *Galicia terá que renunciar a oito programas formativos -entre eles os destinados a sectores estratéxicos como o naval, o da automoción ou o forestal- que servían para contar con traballadores especializados, impulsar o mercado laboral e mellorar a competitividade empresarial*
- *A decisión estatal limita as competencias autonómicas e as posibilidades das comunidades á hora de apoiar unha rápida recuperación do tecido económico e vai en contra das políticas europeas de emprego*

O Consello da Xunta avaliou na súa reunión desta mañá o impacto que vai ter na economía e no mercado laboral galego a decisión adoptada polo Goberno de España no marco da Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Sociais celebrada esta semana, na que acordou outorgar a Galicia 80 millóns de euros para políticas activas de emprego, privándoa dos preto de 100 millóns de euros que lle correspondían a maiores para desenvolver accións formativas destinadas, fundamentalmente, a persoas desempregadas.

A consecuencia principal desta situación é que a Xunta non poderá poñer en marcha un total de oito programas cos que estaba previsto formar a máis de 34.000 galegos e galegas. A formación é, precisamente, un dos instrumentos fundamentais que o Goberno autonómico estaba impulsando para mellorar as oportunidades de emprego dos galegos e galegas e que se estaba realizando de xeito dual, flexible e adaptada ás necesidades das empresas para dar resposta aos principais retos do tecido produtivo e contar con traballadores cada vez máis especializados.

Así, por exemplo, quedan suspendidos este ano os tres plans específicos de formación para o naval (con 8,5 millóns para chegar a 2610 persoas), a automoción (con 5,6 millóns para 4576 beneficiarios) ou o forestal (con 55 accións de formación e divulgación para 6350 persoas). No mesmo caso están as Unidades Formativas en Empresas, un programa que na última convocatoria permitiu desenvolver –por poñer varios exemplos– 66 cursos para 990 alumnos en PSA; 8 cursos para 120 persoas en Coren; e en Greenalia e Benteler celebráronse en cada unha 4 cursos para 60 alumnos.

Nun contexto como o actual, cunha crise sanitaria que está provocando a paralización da actividade empresarial e que está repercutindo no mercado laboral, como xa se

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

demonstrou cos datos do paro do mes de marzo, as políticas activas de emprego -tanto desde o punto de vista de iniciativas para o emprego como para formación ou orientación- resultan imprescindibles para conseguir a recuperación do tecido económico, do mercado laboral e da sociedade, unha vez se supere o estado de alarma. O emprego é a mellor política social para conseguir unha economía máis forte que poida atender as principais necesidades das empresas e das persoas traballadoras e desempregadas.

A decisión adoptada polo Goberno central de xeito unilateral, sen diálogo previo coas comunidades autónomas nin cos axentes sociais, invade as competencias das autonomías, limitando seriamente as posibilidades das rexións á hora de recuperar a normalidade no menor tempo posible.

Á súa vez, estanse adxudicando recursos que son dos traballadores e das empresas -que cotizan especificamente á Seguridade Social pola formación- e privan aos cidadáns dos seus dereitos tanto para mellorar a súa capacitación para acceder ao mercado laboral, como para reforzar as súas competencias. Unha decisión que é froito da incorrecta xestión dos recursos propios do Estado -que ten que botar man duns recursos que se transfiren ás comunidades autónomas, que son as responsables da súa execución, e nos que o Estado só debería ter unha función coordinadora- e que vai en contra das políticas a favor do emprego da Comisión Europea.

ACTUACIÓN	ORZAMENTO	PERSONAS AFECTADAS
OBRADOIROS DUAIS DE EMPREGO	23 M€	1.510
PROGRAMAS INTEGRADOS DE EMPREGO	8,5 M€	3.700
ACCIÓNS FORMATIVAS PARA DESEMPREGADOS (AFD)	36 M€	12.000
UNIDADES FORMATIVAS PARA DESEMPREGADOS	10,5 M€	6.460
PROGRAMA DE FORMACIÓN NO CAMIÑO DE SANTIAGO	8 M€	3.500
PROGRAMA TÉCNICA PARA MULLERES	1 M€	350
FORMACIÓN DE TRABALLADORES OCUPADOS	3 M€	2.800
FORMACIÓN EN CENTROS DA XUNTA DE GALICIA	7,5 M€	3.800
TOTAL	97,5 M€	34.120

A XUNTA CONTARÁ CUN COMITÉ DE EXPERTOS PARA AVALIAR O IMPACTO ECONÓMICO DO COVID-19 E IMPULSAR A REACTIVACIÓN DA ACTIVIDADE EMPRESARIAL E DO MERCADO LABORAL

- *Estará formado por expertos do eido académico, a sociedade civil e empresarial, así como polo equipo económico da Administración autonómica*
- *Ofrecerá asesoramento sobre o impacto económico do coronavirus e avaliará as iniciativas que sexan máis adecuadas en cada momento*

O Consello da Xunta informou na súa reunión de hoxe da posta en marcha dun comité de expertos no eido económico que terá como función ofrecer asesoramento ao Goberno autonómico sobre as consecuencias e impacto da crise sanitaria do COVID-19 para, deste xeito, avaliar as posibles iniciativas que se poden levar a cabo. A finalidade é estar preparados para, unha vez superado o coronavirus, iniciar unha recuperación paulatina da economía galega e do mercado laboral.

O comité contará con expertos do ámbito académico, da sociedade civil, da sociedade empresarial e con persoas vinculadas ao Círculo de Empresarios de Galicia, ao Foro Económico de Galicia e a Asociación da Empresa Familiar de Galicia, entre outras institucións. E, por parte da Xunta, estará todo o equipo económico do Goberno galego -as consellerías de Facenda, Economía, Medio Rural e Mar-. Deste xeito, a Xunta poderá sumar ás súas análises internas, as previsións externas.

As funcións serán a de determinar o impacto da emerxencia sanitaria na economía, a previsión da caída do Produto Interior Bruto, a previsión da diminución dos ingresos vía tributaria de Galicia e do conxunto de España e o impacto que suporá no déficit público.

Aínda que nestes momentos toda a acción do Goberno galego está centrada no eido sanitario, na seguridade e saúde dos galegos e galegas, a Xunta debe ir traballando, de xeito paralelo, para que a situación económica, laboral e social poida volver á normalidade o antes posible. Por iso, toda esta información permitirá ao Goberno galego anticiparse e traballar no eido do diálogo social co obxectivo de consensuar medidas que permitan a recuperación económica e laboral de Galicia.

A XUNTA TRAMITA A COMPRA DE EQUIPOS DE MATERIAIS DE PROTECCIÓN E TEST PARA DETECTAR O CORONAVIRUS POR VALOR DE 5,1 MILLÓNS DE EUROS

- *Esta é a segunda compra que realiza o Goberno galego de materiais considerados imprescindibles, logo da que autorizou a semana pasada o Consello da Xunta cun importe de 6,7 millóns de euros*
- *Nesta ocasión vanse adquirir tests de anticorpos para a detección do virus, ademais de artigos de protección tales como máscaras respiratorias e cirúrxicas, batas, lentes, solucións desinfectantes e outras materias primas para a súa elaboración e envasado*

A Consellería de Sanidade informou hoxe ao Consello da Xunta de Galicia da contratación de diversos materiais de protección, destinados a profesionais e doentes e de tests de anticorpos para a detección do COVID-19 para facer fronte á pandemia do coronavirus. Esta adquisición, tramitada polo procedemento de urxencia, conta cun orzamento de 5.152.351 €.

O obxectivo desta actuación é efectuar unha compra de materiais considerados imprescindibles para reforzar a súa actual dotación. En concreto, o Goberno galego adquire 20.000 unidades de tests de anticorpos para a detección do COVID-19 por valor de 780.546 euros.

En canto ao material de protección, con esta compra adquirense 4.000.000 máscaras cirúrxicas por valor de 1.948.100 euros e 151.990 máscaras respiratorias por valor de 553.158 euros. Tamén 524.480 batas de alta protección/impermeables aos que se destinou un orzamento de 544.957 euros, 69.530 lentes de protección ocular por valor de 175.418 euros, 80.100 pantallas de protección facial nas que se invisten 243.249 euros e 100.000 unidades de mandís plastificados por valor de 10.474 euros, ademais de buzos de protección e tecido impermeable, transpirable e lavable cun investimento nestes produtos de algo máis de 60.000 euros.

Tamén se inclúe a adquisición de 45.100 litros de solucións desinfectantes de mans por valor de 404.987 euros, así como 120.080 litros de solución desinfectante de superficies, cun investimento de 254.437 euros, así como envases e tubos dispensadores para a elaboración destes produtos por valor de 32.125 euros.

O resto do orzamento se distribúe entre escobillóns nasofarínxeos, medios de transporte para virus e hisopos, e materias primas como alcohol etílico.

Os protocolos de actuación para a protección dos profesionais na presente crise sanitaria provocada polo COVID-19 establece a necesidade de que usen equipos de

protección individual (EPI) para determinadas intervencións. Os elementos de protección recomendados son gafas de protección, batas de alta protección, máscaras respiratorias cirúrxicas e FFP2 e luvas de exame, xunto con solución hidroalcohólica desinfectante.

Cuarta tramitación de compra urxente

Con esta compra, a Xunta tramita por cuarta vez de forma urxente a adquisición de material ou equipos para a atención de pacientes que poidan resultar infectados polo coronavirus. Este equipamento está destinado a pacientes e profesionais de toda a rede sanitaria do Servizo Galego de Saúde.

Así, o Consello da Xunta xa autorizou a semana pasada a compra de diverso material cun orzamento de 6.697.638 euros destinado a adquirir 7.230.000 máscaras cirúrxicas, 200.000 máscaras respiratorias, 625.034 batas de alta protección/impermeables e 21.920 botellas de solucións desinfectantes entre outros artigos.

Ademais tamén autorizou hai xa 15 días a adquisición de 45 ventiladores volumétricos, un equipo portátil de raios X para hospitais e 916 biombos e pantallas de protección para instalar nos mostradores de atención ao público dos centros do Sergas, cun orzamento de 1,2 millóns de euros.

Tamén o pasado 5 de marzo, o Goberno galego dedicou 1,82 millóns de euros á adquisición por vía urxente de equipos para a atención de pacientes que poidan resultar infectados polo coronavirus. En concreto, adquiríronse 34 unidades de ventilación non invasiva, destinada á entrada dos pacientes en urxencia de adultos de todos os hospitais incluídos os comarcais, adquiríronse 27 ventiladores volumétricos para as unidades de críticos, e 7 unidades de ventiladores para o transporte dos pacientes desde os hospitais comarcais ás unidades de referencia. Tamén 6 novos equipos portátiles de raios X, para a realización de imaxes radiolóxicas dos pacientes illados en urxencias.

A XUNTA NON COBRARÁ A COTA DO MES DE ABRIL E COMPENSARÁ A PARTE PROPORCIONAL DO MES DE MARZO AOS USUARIOS DE ESCOLAS INFANTÍS E DOS CENTROS DE ATENCIÓN DIÚRNA PARA MAIORES E DISCAPACIDADE

- ***Esta medida terá un impacto de 2,6 millóns de euros e beneficiará a máis de 22.300 familias en toda Galicia***

O Consello aprobou hoxe que a Xunta de Galicia non cobre a cota correspondente ao mes de abril ás familias usuarias de escolas infantís públicas, concertadas e de iniciativa social; centros de día de maiores públicos; centros de día de atención ao alzhéimer e centros de día e ocupacionais para persoas con discapacidade, tanto públicos como de iniciativa social. Esta medida terá un impacto de 2,6 millóns de euros.

Con esta decisión búscase aliviar un gasto para moitas economías familiares que están a pasar dificultades durante esta crise e dado que estes centros levan coas súas actividades suspendidas desde o pasado luns 16 de marzo.

Desta maneira, beneficiaranse desta medida máis de 22.300 familias en toda Galicia: máis de 13.700 teñen unha filla ou fillo nunha escola infantil pública autonómica, concertada e de iniciativa social; e máis de 8.600 fogares empregan algún dos centros de día ou ocupacionais citados.

Polo tanto, nas escolas infantís públicas, concertadas e de iniciativa social e nos centros de día da Xunta de Galicia xa non se pasará a mensuralidade de abril e se compensará tamén a parte proporcional aos días de marzo nos que a actividade estivo suspendida.

Esta iniciativa é unha das tres novas medidas que se incluíron no Plan social de continxencia aprobado polo Consello da Xunta para dar resposta ás consecuencias que ten a emerxencia sanitaria provocada polo coronavirus nos colectivos de poboación máis vulnerables, como é o caso das persoas dependentes.

Cómpre lembrar que o pasado mércores, día 1 de abril, entrou en vigor a gratuidade de todas as escolas infantís para os segundos fillos e sucesivos.

A XUNTA LANZA UN SAF EXTRAORDINARIO PARA RESPONDER A SITUACIÓNS DE EMERXENCIA DURANTE O TEMPO QUE DURE A ALERTA SANITARIA CAUSADA POLO COVID-19

- *Asígnanse 500.000 novas horas mensuais de coidados a domicilio, coas que se poderá atender a 12.500 fogares*
- *A Administración asume o copagamento que, en circunstancias normais, debe afrontar o usuario*

A Xunta de Galicia reforzará o Servizo de Axuda no Fogar (SAF) para a atención a persoas dependentes coa asignación de 500.000 novas horas de coidado a domicilio ao mes coas que se poderá atender a 12.500 fogares. O custe deste servizo estará financiado pola Administración e, polo tanto, os usuarios non deberán pagar nada.

Esta medida supón un investimento de 6 millóns de euros ao mes e estenderase durante o tempo que dure a situación de emerxencia sanitaria e de estado de alerta. O obxectivo é proporcionar unha atención profesional adecuada a todos os casos urxentes que detecten os servizos sociais básicos, con independencia da fase na que se atope a tramitación do seu expediente de valoración de dependencia.

Polo tanto, estas novas horas de axuda no fogar poranse á disposición dos concellos para asignalas a aqueles casos que sexan considerados máis urxentes polo servizos sociais municipais.

A implantación deste SAF extraordinario é unha das medidas que forman parte do Plan social de continxencia aprobado polo Consello da Xunta para dar resposta ás consecuencias que ten a emerxencia sanitaria provocada polo coronavirus nos colectivos de poboación máis vulnerables, como é o caso das persoas dependentes.

Outras medidas do plan

Dentro deste plan inclúense outras dúas medidas. A primeira consistiu na posta en marcha, desde a semana pasada, dun sistema de seguimento telefónico diario para as 14.400 persoas maiores ou con discapacidade que son usuarias dun centro de día ou ocupacional e que nestes momentos están nas súas casas debido á suspensión da actividade nestes centros. Ademais, ás persoas que o necesitan repártenselle 900 menús semanais nos seus domicilios.

A segunda medida foi a entrada en servizo do teléfono social (900 400 800) para complementar o que xa existe para resolver as dúbidas relacionadas co coronavirus. Neste teléfono aténdese a persoas con dúbidas básicas da vida cotiá nesta situación, persoas que necesiten conversa ou acompañamento, persoas que precisen atención



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

psicolóxica especializada e persoas que estean nunha situación de necesidade ou especial vulnerabilidade. Desde a súa posta en marcha este teléfono xa atendeu máis de 700 chamadas.

A terceira das medidas é a posta en marcha dun un correo electrónico para a detección rápida de situacións de risco, atencionsocialemerxencia@xunta.gal, e para resolvelas da man cos servizos sociais de base.